

**EXTRACTO ACORDOS ADOPTADOS NASESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 12 DE MARZO DE 2018.**

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 11/2018 DE DATA 5 DE
MARZO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de
Goberno Local núm. 11/2018 do día 5 de marzo de 2018.

2.- EXPEDIENTE 3831/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para retellar a
cuberta dun edificio existente na rúa Joaquín Loriga núm.12–Lalín.

3.- EXPEDIENTE 159/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA CP4. EXP 8698/16.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para o acondicionamento dunha cuberta no lugar de Prado núm. 90, parroquia de Prado – Lalín.

4.- EXPEDIENTE 1371/2018. SOLICITUDES DE ALTA EN AUGA E SANEAMENTO RELACIÓN NÚM. 14.

Acordouse aprobar varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

5.- EXPEDIENTE 2407/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MARCO DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA PERSOAL E A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (SAAD).

Acordouse a Baixa no no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) motivada polo seu ingreso en C. Residencial, para unha persoa beneficiaria.

6.- EXPEDIENTE 1571/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MARCO DO SISTEMA PARA A AUTONOMÍA PERSOAL E A ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (SAAD).

Acordouse a BAIXA definitiva no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) motivada por ingreso en C. Residencial dunha persoa beneficiaria.

7.- EXPEDIENTE 4062/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a BAIXA VOLUNTARIA, no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

8.- EXPEDIENTE 4640/2017. DEPENDENCIA.

Acordouse a BAIXA no programa de Xantar na casa dunha persoa.

9.- EXPEDIENTE 1354/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA COLOCACIÓN DUNHA CARPA NO CAMPO DA FEIRA VELLO, DÍA 14 DE ABRIL DE 2018 PARA CELEBRACIÓN DUNHA VERBENA.

Quedou pendente para un mellor estudo.

10.- EXPEDIENTE 1357/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA UTILIZAR A PISTA DE ATLETISMO E QUE SE FIME O CERTIFICADO DE HOMOLOGACIÓN DA INSTALACIÓN DA PISTA DE ATLETISMO PARA TIRO CON ARCO.

Quedou pendente para un mellor estudo.

11.- EXPEDIENTE 1359/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA PODER PERNOCTAR NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO POR PEREGRINACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO.

Dáse conta do escrito dos Alumnos de terceiro da ESO dos diferentes colexios de la Escuelas Pías de la Provincia de Betania solicitando autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 90 ou 100 personas, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando o día 9 de xullo de 2018 e saíndo o día 10 de xullo de 2018 ás 9:00 da mañá.

12.- EXPEDIENTE 1355/2018. TÍTULO SOLICITUDE PECHE DE RÚA PARA REALIZAR UN DESFILE DE MODA.

Acordouse conceder autorización municipal para o peche da rúa ao tráfico da Avda Luís González Taboada dende o cruce da rúa Maruxa Gutierrez ata o cruce da rúa Pintor Laxeiro, o próximo día 18 de marzo de 2018 en horario de 11:30 a 13:30 horas para realizar un desfile de moda na rúa-presentación da Campaña do Verán.

13.- EXPEDIENTE 1356/2018. STARS DANCE GALICIA 2018.

Quedou pendente para un mellor estudo.

14.- EXPEDIENTE 1358/2018. TÍTULO SOLICITUDE DE PERMISO PARA PODER PERNOCTAR NO PAVILLÓN.

Dáse conta do escrito presentado polo Grupo de Peregrinos da parroquia Ntra. Sra. De la Candelaría de Fuente del Maestre, Badajoz solicitando autorización municipal para aloxarse no Pavillón Polideportivo cun grupo de 60 xóvenes e monitores, con motivo da súa peregrinación a Santiago de Compostela, chegando o día 31 de xullo de 2018 a mediodía e saíndo o día 3 de agosto de 2018 pola mañá cedo.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 276/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CONVENIO/SUBVENCIONS OBRAS RURAL).

Acordouse aprobar a sinatura dun convenio, por unha banda o Concello de Lalín e por outra o cura párroco da parroquia de San Lourenzo de Vilatuxe, en representación da Diocese de Lugo (Convenio-subvencións obras).

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1330/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00012 por importe de 51.786,50 €.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1333/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.

Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte

do expediente, por un importe total de 18.216,57 €.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 622/2018. .INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 12/03/18 relativa a información urbanística dunha edificación sita na parcela con referencia catastral 36024A098000360000AB–Lalín.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1403/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O USO DE AULAS DO AUDITORIO.

Acordouse conceder autorización para o uso dunha das aulas situadas no edificio do Auditorio Municipal para o sábado día 17 de marzo de 2018 en horario de 8 a 10 horas aproximadamente e o seguinte sábado día 24 de marzo de 2018 en horario de 8 a 14 horas.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1279/2018. SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN PARA A DOTACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN POR BIOMASA NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILATUXE.

Quedou pendente para un mellor estudo.

21- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1264/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A DOTACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN POR BIOMASA NO CENTRO SOCIAL DE DONRAMIRO.

Quedou pendente para un mellor estudo.

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA

**APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:
EXPEDIENTE 998/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos por débedas de subministro de enerxía eléctrica para á persoa solicitante por importe de 120,27 €.

**23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA
APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:
EXPEDIENTE 996/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe de 117,31€ .

**24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA
APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:
EXPEDIENTE 997/2018. AIS CONCELLO.**

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de alugueiro de vivenda e por débedas de subministro de auga para a persoa solicitante por importe total de 275,04 €.

**25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA
APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:
EXPEDIENTE 5528/2017. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA
ADMINISTRACIÓN.**

Acordouse aprobar o “ANEXO ao Plan de Seguridade e Saúde – Pliego de condiciones particulares”, das Obras de acondicionamento interior en edificio rúa Manuel Rivero, 5”, a desenvolver polo Obradoiro de Emprego Rivero Social Lalín II.

**26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA
APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:
EXPEDIENTE 1006/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN
URBANÍSTICA.**

Acordouse aprobar os informes municipais de datas

22/02/18 e 12/03/18 información urbanística relativa á parcela con referencia catastral 2836015NH7223N0001XU, sita na Avenida de Bos Aires – Lalín.

27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1059/2018. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da actuación denominada “Proxecto de Promoción Turística do Concello de Lalín” por importe de 46.493,58 euros.

28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 236/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).

Acordouse aprobar o nomeamento dun auxiliar administrativo adscrito/a ao Servizo de Contratación Administrativa, en réxime de funcionario/a interino/a, por exceso ou acumulación de tarefas, de conformidade co artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 261, do 31/10/2015) e segundo o disposto nas bases de selección, da/do seguinte aspirante por orden de puntuación na lista da Bolsa de Traballo, con efectos desde a data indicada na Acta de toma de posesión, e por un prazo máximo de seis (6) meses dentro dun período de doce (12) meses.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.